

VECIÑANZA PÍDELLE AO CONCELLO DE CUNTIS QUE ELABORE UN PROTOCOLO ESPECÍFICO PARA CONTROLAR A AFLUENCIA AOS CEMITERIOS CON MOTIVO DO DÍA DE DEFUNTOS

- *Veciñanza trasladoulle ao Alcalde a necesidade de elaborar un protocolo específico para o acceso e permanencia nos cemiterios, solicítalle que habilite dispensadores de xel hidroalcolico e que os servizos municipais (Policía Local e Emerxencias) velen polo respecto ás normas de distanciamento non só durante a fin de semana de Defuntos, senón nos días previos.*
- *Veciñanza lamenta a opacidade que está a caracterizar a xestión dos datos da pandemia por parte do SERGAS. A Xunta de Galicia figura nos peores índices en materia de transparencia en todo o Estado Español e o non ter coñecemento preciso da situación dificulta a adopción de medidas por parte dos concellos.*

Cuntis, 20 de outubro de 2020

A situación epidemiolóxica da pandemia do coronavirus presenta unha evolución preocupante en Cuntis nos últimos días. As últimas novas falan de varios contaxios e a incerteza entre veciños e veciñas é patente nos últimos días. Dende Veciñanza seguimos coa máxima preocupación os datos que imos coñecendo e reiteramos o noso chamamento á responsabilidade absoluta tanto de xeito individual como colectivo. Estamos en contacto permanente co Alcalde e a disposición do grupo de goberno, ofrecendo alternativas e propostas nun contexto de máxima dificultade para coñecer os datos reais debido á impresentable xestión dos datos por parte da Xunta de Galicia.

Dende Veciñanza vemos con moita preocupación os próximos días especialmente pola situación que se pode producir nos cemiterios debido á festividade do Día de Defuntos e ao incremento da afluencia que se producirá tanto nos días previos como na fin de semana do Primeiro de Novembro. É por isto polo que xa lle trasladamos ao Alcalde a necesidade de elaborar un protocolo específico para o acceso e permanencia nos cemiterios, así como a adopción de medidas específicas para estas datas. Lembramos que o cemiterio de Cuntis é propiedade municipal, e polo tanto responsabilidade tamén do concello de controlar que se extremen as precaucións. Entre outras medidas, Veciñanza solicita que se habiliten dispensadores de xel hidroalcolico e que os servizos municipais (Policía Local e Emerxencias) velen polo respecto ás normas de distanciamento non só durante a fin de semana de Defuntos, senón nos días previos.

Veciñanza lamenta a opacidade que está a caracterizar a xestión dos datos da pandemia por parte do SERGAS. A Xunta de Galicia figura nos peores índices en materia de transparencia en todo o





Estado Español, e dende fai uns días limítase a presentar un mapa de cores que non facilita a xestión por parte dos concellos. Se unha persoa está asignada a unha área sanitaria distinta, ou se decide facer algún test nalgunha clínica privada e non existe comunicación precisa ao respecto, o coñecemento preciso da situación dificúltase e a adopción de medidas pode atrasarse. O SERGAS non está a ser transparente nin dilixente na xestión dos datos.

